

OS FUNGOS

1. Completa:

Clasificamos os fungos en _____ grupos: _____

2. Marca as características correctas:

Son unicelulares ou pluricelulares	Son todos unicelulares
Producen o seu alimento	Toman alimento
Non se desprazan	Desprázanse para escapar do perigo
Abundan en zonas secas e soleadas	Abundan en zonas húmidas

3. Completa sobre os fungos con cogomelo

Os fungos son _____. As súas células forman una rede de fíos moi finos chamada _____ que polo xeral se atopa _____ ou _____.

Os fungos na época de reprodución forman _____ que son a parte do fungo que se pode ver.

4. Completa coas partes do fungo con cogomelo.


esporas

pé

sombreiro

micelio

láminas



5. Une co que corresponda

Fermentos
Fungos con cogomelo
Mofos

Son pluricelulares. Nútrense de restos de animais e plantas sobre os que forman unha peluxe.
Son unicelulares e microscópicos
Son pluricelulares, reproducense mediante as súas esporas.

6. Verdadeiro ou falso?

- Ningún fungo é comestible _____
- Hai fungos imprescindibles para producir medicamentos. _____
- Usamos fermentos para fabricar televisores. _____
- Os fungos estropean o solo ao descompoñer restos de plantas e animais. _____
- Non existe ningún fungo prexudicial. _____
- Usamos fermentos para producir pan e bebidas. _____
- Existen cogomelos comestibles como os champiñóns. _____
- Os fungos enriquecen o solo ao descompoñer restos de animais e plantas. _____